

MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA REALIZAR MEDICIÓNS DE CONCENTRACIÓN DE GAS RADON EN EDIFICIOS DE TITULARIDADE DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA DURANTE O ANO 2024

1.- A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, ten atribuída as facultades relativas ao uso, a administración, xestión, conservación e colaboración na protección e defensa dos bens e dereitos demaniais que ten adscritos. (art. 13.1 da Lei 6/2023, de 2 de novembro, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia). O artigo 11.2.1 do Decreto 136/2024 do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería establece que dependente da Secretaría Xeral Técnica, a Subdirección Xeral de Coordinación de Servizos Transversais conta co Servizo de Xestión de Infraestruturas Administrativas, ao que lle corresponde a conservación e o mantemento das dependencias adscritas á Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes

Por outra banda e no referente aos edificios administrativos xudiciais, o Estatuto de autonomía de Galicia, aprobado pola Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, establece no seu artigo 20.1 que en relación coa Administración de xustiza lle corresponde á Comunidade Autónoma exercer todas as facultades que as leis orgánicas do poder xudicial e do Consello Xeral do Poder Xudicial recoñecen ou atribúen ao Goberno do Estado. Nesta cláusula estatutaria áchase a orixe do traspaso á Comunidade Autónoma de Galicia das funcións que desempeñaba a Administración do Estado en materia de provisión de medios materiais e económicos para o funcionamento da Administración de xustiza, que se levou a cabo mediante o Real decreto 2166/1994, do 4 de novembro, posteriormente ampliado polo Real decreto 233/1998, do 16 de febreiro. A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes da Xunta de Galicia é o órgano da Administración autonómica que, a través da Dirección Xeral de Xustiza, exerce as competencias que lle corresponden á Xunta de Galicia relativas aos medios persoais, económicos e materiais ao servizo da Administración de xustiza, en virtude do Decreto 136/2024 do 20 de maio, polo que se establece a súa estrutura orgánica

Finalmente e no relativo aos edificios de uso compartido, o artigo 187.5 da Lei de 6/2023, de 2 de novembro, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia establece que será competencia da consellería competente en materia de Presidencia a contratación dos servizos xerais relativos ao seu mantemento, conservación e análogos.

2.- Antecedentes:

O radon é un gas que se produce de xeito natural como consecuencia da desintegración do uranio que está presente nos materiais que constitúen a codia terrestre. A súa inhalación en cantidades importantes é considerada pola OMS como a segunda causa de cancro de pulmón logo do tabaquismo.

Complexo Administrativo San Caetano

San Caetano, s/n
15781, Santiago de Compostel



A Comisión Europea publicou en 2014 unha directiva instando aos países membros a legislar antes de febreiro de 2018 acerca da necesidade de manter niveis de concentración de radon en interiores por debaixo dos 300 Bq/m³.

O Real Decreto 1029/2022, do 20 de decembro, polo que se aproba o Regulamento sobre protección da saúde contra os riscos derivados da exposición ás radiacións ionizantes, establece que os titulares dos centros de traballo teñen a obriga de estimar o promedio anual de concentración de radon nas zonas de traballo situadas na planta baixa e sotos dos edificios en aquelas zonas designadas polo Consello de Seguridade Nuclear. A dita obriga de estimación do promedio anual de radon producirase a partir do 21 de xuño de 2024.

3.- **Finalidade:** Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar coa Universidade de Santiago de Compostela o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a súa sinatura ata o cumprimento, polas partes, dos deberes asumidos. En ningún caso excederá do 30 de decembro de 2024.

4.- **Obxecto:** O convenio ten por obxecto establecer as bases para a colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e a Universidade de Santiago de Compostela, aos efectos de realizar medicións de concentración de gas radon en edificios titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia, xestionados pola Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes- segundo as necesidades que se presenten ao longo do exercicio 2024.

Os edificios concretos a medir serán facilitados pola Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes unha vez asinado o convenio e tendo en conta as necesidades e os riscos detectados seguindo o criterio do Servizo de Prevención de Riscos da Secretaría xeral técnica.

5.- O instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes está interesada en realizar unha serie de medicións en distintos edificios administrativos para cuantificar a concentración de gas radon e poder elaborar os posibles plans de actuación de ser o caso.

O Laboratorio de Radon de Galicia (LRG), dependente da Universidade de Santiago de Compostela está formado por investigadores da Área de Medicina Preventiva e Saúde Pública, con máis de 30 anos de experiencia no estudo e medida do gas radon. O Laboratorio é recoñecido internacionalmente e ten

Complexo Administrativo San Caetano

San Caetano, s/n
15781, Santiago de Compostel



recibido encargos do Ministerio de Sanidade, Consello de Seguridade Nuclear e ten participado de xeito activo na elaboración do Plan Nacional de Radon.

O LRG está acreditado pola Entidade Nacional de Acreditación (ENAC) para a realización de medicións de radon tanto por técnica de trazas e en continuo dende o ano 2019. Foi o primeiro laboratorio español en ser acreditado en continuo e o segundo en técnica de trazas. Esta acreditación é obrigatoria e preceptiva para a medición de radon nos postos de traballo, tal e como se recolle no mencionado RD 1019/2022.

6.- Financiamento: Para contribuír ao cumprimento dos obxectivos fixados no convenio de colaboración, a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes aboará á Universidade de Santiago de Compostela a cantidade de CORENTA E CINCO MIL SEISCENTOS VINTE E CINCO EUROS CON VINTE E SEIS CÉNTIMOS (45.624,26€ €), que se imputarán á aplicación orzamentaria 35.01.121A.444.0 (CP: 2015-00110) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2024.

O importe máximo a aboar polo presente Convenio por parte da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, estimouse en función do número de medidores necesarios a un prezo de 37 € por medidor, se non require desprazamento e de 40 € si o require e, en función de superficie que se prevé medir e o número de medidores a instalar.

7.- Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

Santiago de Compostela, data da sinatura dixital

O secretario xeral técnico

(asinado dixitalmente)

Francisco Javier Abad Pardo

